

## 'CAMPIONATO TERRITORIAL' DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA

1

### FÓRMULA DE COMPETICIÓN

Esta competición desenrolarase en dúas (2) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

**1ª FASE ou FASE REGULAR:** Os dezaoto (18) equipos participantes se dividirán en (2) grupos de nove (9) equipos cada un, e xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta dentro de cada grupo.

#### **2ª FASE ou FASE FINAL:**

GRUPO polo TÍTULO (1º ao 8º):

Os catro (4) primeiros clasificados de cada grupo formarán un grupo e xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta. Tendo validez e conservando os resultados xa obtidos entre equipos do mesmo grupo da 1ª Fase ou Fase Regular.

GRUPO de CLASIFICACIÓN (9º ao 18º):

Os cinco (5) últimos clasificados de cada grupo formarán un grupo e xogarán baixo o sistema de liga todos contra todos a dobre volta dentro do grupo. Tendo validez e conservando os resultados xa obtidos entre equipos do mesmo grupo da 1ª Fase ou Fase Regular.

#### DESCENSOS:

No caso de contar con 19 ou 20 equipos inscritos na categoría a Tempada 2020-21; os equipos clasificados dende o décimo primeiro (11º) posto ata o décimo oitavo (18º) pasarán a pertencer a 2ª División Xuvenil Feminina.

2

No caso de contar con 21 equipos inscritos na categoría a Tempada 2020-21; os equipos clasificados dende o décimo segundo (12º) posto ata o décimo oitavo (18º) pasarán a pertencer a 2ª División Xuvenil Feminina.

IMPORTANTE: Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.

### **DATAS DE CELEBRACIÓN**

#### **1ª FASE ou FASE REGULAR:**

Desenvolverase entre os días 22 de Setembro de 2019 e o 16 de Febreiro de 2020.

#### **2ª FASE ou FASE FINAL:**

GRUPO polo TÍTULO (1º ao 8º):

Desenvolverase entre os días 23 de Febreiro e o 29 de Marzo de 2020.

#### **GRUPO de CLASIFICACIÓN (9º ao 18º):**

Desenvolverase entre os días 23 de Febreiro e o 19 de Abril de 2020.

**O Sorteo desta Fase Final realizarase entre os días 16/02/2019 e 18/02/2019.**

### **DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL**

#### **1º Representante:**

Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Xuvenil Feminino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar do GRUPO polo TÍTULO da 2ª Fase ou Fase Final da División de Honra Xuvenil Feminina.

3

#### 2º Representante:

No caso de que a Federación Galega conte con, polo menos, quince (15) equipos na categoría Xuvenil Feminina participando nas diferentes competicións da categoría, contará cunha segunda plaza na Fase Estatal que se outorgará o clasificado no segundo (2º) lugar do GRUPO polo TÍTULO da 2ª Fase ou Fase Final da División de Honra Xuvenil Feminina.

#### Vacante por Renuncia ou Invitación:

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 3º Clasificado do GRUPO polo TÍTULO, despois o 4º Clasificado do GRUPO polo TÍTULO e por último, o 5º Clasificado do GRUPO polo TÍTULO.

#### **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS**

Estas normas específicas do Campionato Territorial da DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL FEMININA complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devanditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.